

EDICTO Pág. 4651 Reg. 09/3367-x.

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de retirada e custodia de vehículos, así como á publicación do texto íntegro desta

**Edicto relativo á aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de retirada e custodia de vehículos, así como á publicación do texto íntegro desta.**

O Pleno do Concello de Teo, en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2008, aprobou inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa. pola prestación do servizo de retirada e custodia de vehículos, así como á publicación do texto íntegro desta.

O expediente e a Ordenanza estiveron expostos ó público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 25 do 31 de xaneiro do 2009, polo prazo de trinta días.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva da devandita ordenanza fiscal, así como o texto íntegro da mesma, en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Teo, nove de marzo de 2009.

O Alcalde,

Martiño Noriega Sánchez

## **"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS**

### **Artigo 1.-Fundamento e obxecto**

En uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establece a taxa polo servizo de retirada e custodia de vehículos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal e polos artigos 20 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **Artigo 2.-Feito impoñible**

Constitúe o feito impoñible desta taxa a retirada, traslado e depósito de vehículos que se atopen na vía pública ou terreos adxacentes, nos supostos previstos na normativa de tráfico e circulación vixente.

### **Artigo 3.- Devengo**

1.-Devengarase a taxa no momento en que interveñan os axentes municipais co fin de retirar ou trasladar o vehículo.

2.- No caso de depósito do vehículo, a taxa devengarase cando este entre no local destinado ó seu depósito.

### **Artigo 4.-Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo.

Salvo proba en contrario, entenderase que o afectado pola prestación do servizo é o titular que figure no permiso de circulación do vehículo.

### **Artigo 5.-Responsables**

Serán responsables solidarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores de sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e có alcance que indica o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

### **Artigo 6.- Exencións**

Estarán exentos da taxa os traslados de vehículos que sexa preciso retirar no caso de subtracción do vehículo, que deberá acreditarse mediante a presentación da correspondente denuncia.

### **Artigo 7.-Cota tributaria**

A cota tributaria será a resultante de aplicar o seguinte cadro de tarifas:

#### **1.-Retirada e traslado ó depósito no termo municipal, por cada vehículo:**

- a) Vehículos que teñan unha masa máxima autorizada inferior ou igual a 3.500 kg: 70,00 €
- b) Vehículos que teñan unha masa máxima autorizada superior ós 3.500kg, e ata 12.000kg: 200,00 €
- c) Vehículos que teñan unha masa máxima autorizada superior a 12.000kg, ou vehículos con dimensións ou pesos especiais: 400,00 €

Estas tarifas terán unha redución do 50% cando o suxeito pasivo abone a taxa correspondente con anterioridade ó enganche do vehículo á grúa para o seu traslado.

#### **2.-Depósito de vehículos, por día ou fracción:**

- a) Os sinalados no apartado a) do punto 1 deste artigo: 10,00 €
- b) Os sinalados nos apartados b) e c) do punto 1 deste artigo: 20,00 €

Estarán exentos desta tarifa os depósitos de vehículos que dunha duración inferior ás 24 horas contadas dende a súa entrada no depósito.

#### **Artigo 8.-Normas de xestión**

- 1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.
- 2.- Para a autorización da retirada do vehículo do depósito no termo municipal deberase acreditar previamente o aboamento das taxas reguladas nesta Ordenanza.
- 3.- Unha vez recibido o vehículo no depósito requerirase ó seu titular para que no prazo de un mes autoliquide a taxa e retire o vehículo.
- 4.-Cando o titular do vehículo depositado ou o seu domicilio fose descoñecido, as notificacións faranse mediante publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia por conta do interesado.
- 5.-Transcorrido o prazo a que se refire o apartado 3, sen que o titular se fixese cargo do vehículo e pagara as taxas orixinadas, iniciárase o seu cobro por vía de constrinximento.
- 5.-As taxas reguladas nesta Ordenanza son independentes e compatibles coas sancións ou multas procedentes pola infracción das normas de circulación ou policía municipal.

#### **Artigo 9.-Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexeirá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### **Disposición Derradeira**

A presente Ordenanza Fiscal aprobouse provisoriamente polo Pleno do Concello en sesión de 30 de decembro de 2008, e entrará en vigor a partires do día seguinte ó da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.”.

Teo, nove de marzo de 2009

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez